



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: IV curso para a obtención do diploma de Inspección de Servizos da Xunta de Galicia.

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	150
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	1997
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O presente curso ten por obxecto ofrece-la formación específica e os coñecementos prácticos necesarios que garanten que os que o superen reúnan as esixencias de idoneidade necesarias para poder acceder, se é o caso, ós postos de traballo correspondentes a inspectores e subinspectores de servizos.

DESTINATARIOS

De acordo co disposto no artigo 3 da Orde do 6 de maio de 1992, poderán solicita-la súa participación no curso os funcionarios que, con referencia ó último día do prazo de presentación de instancias, reúnan os seguintes requisitos:

- a) Pertencer ó corpo ou escala dos grupos A ou B de calquera Administración pública.
- b) Estar en situación de servizo activo ou servizos especiais nalgunha das administracións públicas.
- c) Ter prestado servizos en calquera Administración pública por un tempo mínimo de 3 anos.

PROGRAMA

Estará constituído polo desenvolvemento teórico-práctico dos seguintes módulos:

-Módulo I.

Título: aptitudes e habilidades para o traballo de inspector e subinspector de servizos.

Contido: efectos humanos da relación do inspector de servizos coas unidades. Variables que se deben

ter en conta na implantación dun sistema de control. A utilización dos resultados do control para a mellora da xestión. A relación de entrevista.

-Módulo II.

Título: técnicas de descrición e análises de procedementos e procesos administrativos.

Contido: técnicas de descrición de procedementos: fluxogramación e documentación. Metodoloxía de análises de procedementos e oportunidades de simplificación e racionalización. O SXPA: o papel da Inspección de Servizos.

-Módulo III.

Título: análises de estruturas e cargas de traballo. Avaliación do rendemento.

Contido: técnicas de análises de cargas de traballo. Análises de estruturas organizativas. Técnicas de avaliación do

rendemento.

-Módulo IV.

Título: metodoloxía e técnicas de inspección operativa de servicios.

Contido: modalidades de proxectos de intervención organizativa. Técnicas de inspección e auditoría operativa.
Proxectos de mellora organizativa: metodoloxía.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos participantes faraa a comisión en dúas fases:

-Baremo de méritos.

-Entrevista persoal.

6ª Baremo de méritos.

No baremo valoraranse, ata un máximo de 4 puntos, os seguintes méritos adquiridos ata a data de publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.

A) Pertenza ós grupos A ou B:

Por pertencer ó grupo A: 2 puntos.

Por pertencer ó grupo B: 1 punto.

A pertenza a un ou outro grupo deberá ser certificada, segundo o anexo II, polo responsable dos servicios de persoal de que dependa o solicitante.

En caso de que unha persoa pertenza ós dous grupos, só se valorará a pertenza ó grupo A.

B) Experiencia en postos de traballo relacionados con tarefas de organización, racionalización e administración orzamentaria, de persoal e sistemas de información, tanto na Administración pública como na empresa privada: 0,10 puntos por cada ano ata un máximo de 2 puntos.

3. DATOS EDICIÓNS

612001

LOCALIDADE: SEN DATOS

INICIO / FIN: 01/09/1997 a 31/10/1997

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE